

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BReOGAN

O GROVE • Nº 23- 4º TRIMESTRE 2011

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

Xadrez e música

Cabalgata de Reis

**Nova maquinaria
no ximnasio**

**Sami, adestrador do
1º equipo**

III Festa da Bicicleta

**Mercado Tradicional
de Enxebre**



**DEPORTE
GALEGO**

galicia



BO NADAL E PROSPERO ANINOVO!

Un ano máis chegamos ao remate do ano, e con este son seis anos de vida do noso Boletín Informativo, a pesar dos atrancos que lle van xurdindo a diario.

Este número 23 recolle parte da actividade do cuarto trimestre do 2011, e só podería ir encabezado coa felicitación que se engade a continuación.

Ademais, dende a Escola de Música fálannos da

panxoliña "Jingle Bells", dase conta da actividade do equipo de xadrez, informamos da adquisición de novas máquinas para o ximnasio, contamos como un ano máis imos a participar na Cabalgata de Reis coa confección dunha carroza, Sami Grigore é o novo adestrador do primeiro equipo de piragüismo e damos conta da celebración da III Festa da Bicicleta e da participación no Mercadillo Tradicional que organiza Enxebre.

Para rematar queremos agradecer a todas as persoas que dunha forma ou outra axudan a que Breogán siga navegando, sobor de todo nunha época de dificultades económicas que nos afectan a todos. En nome de tod@s os membros da Xunta Directiva do CMDC Breogán, desexámoslles a tod@s: BO NADAL E PRÓSPERO ANINOVO



Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES, XUVENTUDE,
MEDIO AMBIENTE E LIMPEZA



Un tren na cabalgata

Chegado o inverno, tralo inicio dun novo ano, e xa van seis, o Breogán estará presente no desfile da Cabalgata de Reis, no que volverá a presentar unha carroza.

Dende hai algunhas semanas, varios directivos puxémonos mans a obra e adicamos parte do noso tempo á confección desta carroza. Nesta ocasión irá decorada con un tren, no cal poderán

ir varios cativos.

Para afrontar os gastos da confección desta carroza, e ao igual que as demais entidades colaboradoras, contamos coa axuda que concede o Concello a través da Concellaría de Cultura. Contando tamén no noso caso cunha axuda de La Caixa, que repite na súa colaboración con nós, un ano máis.



Escola de Música 2011

Amador Míguez.

Dir. Escola de Música Breogán

Xa están aquí as festas entrañables do Nadal. Deixando a crise a parte, todo se volve amor, ledicia e en gustosos manxares; e mellor aínda se se ameniza cunha música suave propia da época.

Na escola vívese o espírito navideño. Os alumnos veñen máis cargados de ilusión e interesados nos villancicos, que só son propios neste época.

O villancico “Jingle Bells” ou “Navidad, dulce Navidad”, é unha das cancións tradicionais do inverno máis coñecidas e cantadas en todo o mundo. Foi escrita entre 1850 e 1857 polo compositor estadounidense James Pierpont, baixo o título de “One Horse Open Sleigh” e foi publicada na cidade de Boston en 1857. Foi relanzada en 1859 e, a pesar de estares intimamente conectada coa nadal, non é especificamente unha canción de Nadal, xa que non se menciona na letra, e trata sobre unha carreira de cabalos.

Cando foi publicada tiña un coro diferente, con melodía que se usaba na música clásica. A progresión dos acordes “I, V, VI, III, IV, I, V” é algo común na música clásica, agás polos acordes finais. A melodía ori-

ginalmente segue o mesmo patrón do “canon en re maior de Pachelbel”. Descoñécese quen reemprazou a melodía do coro, e as verbas daquela versión á versión moderna. A canción foi reimpresa dous anos máis tarde no 1859 co título “Jingle Bells, or the One Horse Open Sleigh”.

A pesar de toda a súa historia e de non ser propiamente do nadal, adáptase moi ben, e na actualidade considérase un villancico de nadal propiamente

te dito. Ao estar nun compás de catro por catro, como case que todas as cancións, non en tres por catro como Noite de Paz, dá lugar a un ritmo máis bailable e movido e tamén dá lugar a facer innumerables versións e diferentes ritmos, que poden ir desde o ritmo pasodobre, sky ou mesmo salsa, bosanova, jazz, blues....

A liña melódica desta composición son patróns que se repiten subindo un tono e tendo de maior salto un intervalo de sexta. O estribillo ten, melódicamente falando, cinco notas que se alternan entre si. O exemplo



Deputación Pontevedra



máis significativo de melodías de cinco notas é o motivo que ten o disco “Tubular Bells” de Mike Oldfield, motivo musical que foi banda sonora de película “El Exorcista”.

A progresión de acordes volvéuse máis sinxela, aínda que a través de Armonía Musical pódese complicar moito, con substitucións de acordes, pero esta progresión, quedou basicamente en “I, IV, I, IV, I, II, V” no estribillo.

Unha canción pois que trae alegría a estas fechas tan sinala-

das, cheas de amor e de actos e comidas familiares.

Tamén foi a primeira canción que se transmitiu dende o espazo. O 16 de decembro de 1965 os dous astronautas Tom Staffird e Walter M. Schirras fixeron unha broma de Nadal durante a misión “Géminis 6ª” tocando este villancico dende a nave espacial utilizando unha harmónica e uns cascabeis.

A Escola de Música Breogán e os seus alumnos deséxanlle unhas Felices Festas do Nadal e un Próspero Aninovo.



✳ “la Caixa”



Actividade de Xadrez

A Liga Galega de Xadrez por equipos iniciárase o vindeiro día 14 de xaneiro e manterá a súa actividade ata mediados de maio.

Breogán porá en competición tres equipos, un máis que en anos anteriores, xa que creamos o Breogán "C". Este equipo competirá na Cuarta División e nel os membr@s da Escola de Xadrez terán unha oportunidade para ir participando en competición oficial e ir asentándose máis nesta modalidade deportiva.

Hai que dicir que a Escola de Xadrez segue en marcha a bo ritmo, con rapaces e rapazas de anos anteriores xunto con novas incorporacións, aínda que segue aberto a tod@s os que queiran iniciarse no deporte do taboleiro.

O sorteo que dará o calendario e os enfrontamentos terá lugar o día 19 de decembro, polo que non o podemos recoller neste boletín. Pero xa podemos dar conta da formación dos grupos nos que participarán os nosos equipos:



Restaurante - Taberna
A TRAINA



1- División, Grupo "B"

- BREOGAN "A"
- CCD Sanxenxo
- Algalía de Abaixo
- C. Xadrez Albariño "A"
- Club Karpov
- CXF Casa da Xuventude
- Distribunosa-Xadrez Rianxo
- Ence-Xadrez Marín "A"
- Marquiño
- Mercantil de Ribeira "A"
- USC Xuvenil
- Xadrez Gallaecia

3- División, Grupo "F"

- BREOGAN "B"
- CCD Sanxenxo
- Escola Lalín "B"
- Clube Agora
- Cultural Deportiva Portas "B"
- CXF Autobuses Pereira
- CXF Banco Novagalicia
- Escola Municipal de Xadrez

4- División

- BREOGAN "C"
- Xadrez Bueu
- CXF Bancaja
- CXF Distribuciones Lete
- CXF Vital Dent
- A. Marín-Xadrez Infantil
- A. Marín-Xadrez Promesas
- EXP Casino Mercantil e Industrial
- EXP Limpiezas San Vicente
- EXP Meis
- EXP Mosteiro



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Novas máquinas no ximnasio

Hai veces que buscas algo e non o atopas, outras veces aparécenche ocasións que non se poden desaproveitar, como aconteceu coas novas máquinas que se conseguiron para o ximnasio.

Grazas a que o que era o Ximnasio Xela (en Terra de Porto) cambiou de actividade e decidiron desfacerse das má-

quinas das que dispoñía, chegou ata nós unha oferta por se nos interesaba facernos con elas para mellorar o noso ximnasio.

Despois de que o equipo técnico as supervisara e decidira que eran interesantes para o adestramento dos nosos deportistas, chegamos a un acordo económico beneficioso para ambas partes.

Con esto dotamos o ximnasio do Pavillón Náutico con unhas máquinas que melloran e complementan o que xa había. Ademais, incluso algunhas destas máquinas, que non collían no ximnasio ou non se adecuaban ao noso adestramento, foron cedidas para o ximnasio do campo de fútbol do Monte da Vila.



ELESMA
INSTALACIONES

Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



HABITAT

Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE

Sami faise cargo do primeiro equipo

A apertura dunha clínica de fisioterapia, por parte de David Mascato, fixo que en algunhas ocasións non puidera adicar o tempo necesario ao adestramento do primeiro equipo (seniors, xuvenís, cadetes e veteranos). Polo que contactamos co palista Sami Grigore para que fixese as funcións de adestrador deste equipo, cousa que aceptou de bo grado.

Desta forma David Mascato seguirá nas súas funcións de Vicepresidente Deportivo, o que se une ás funcións de Director Técnico, pasando Sami Grigore a ser o adestrador do primeiro equipo. Mentras que



para as categorías da base seguen nas súas funcións Marce- lino Cacabelos (infantís) e Rut Otero (alevíns e benxamíns).

Roubannos un motor foraborda

Non sempre se poden dar boas novas, e neste caso toca dar conta dunha mala, pois os amigos do axeno fixéronnos unha visita e roubaron o motor foraborda da lancha de adestramentos. O motor que nos sustraeron era un Yamaha de 15 CV e catro tempos, de tan só dous anos, polo que estaba practicamente novo.

O motor foi case arrancado do seu sitio,

xa que cortaron os parafusos de suxección e o cableado para poder levalo.

Isto supón un contratempo para o adestramento dos nosos deportistas, xa que nesta lancha instalamos un foco para mellorar os adestramentos agora no tempo do inverno no que escurece moi pronto e, ao mesmo tempo servía para maior seguridade dos deportistas.



MAPFRE

O GROVE

III Festa da Bicicleta

Celebrouse a terceira edición da Festa da Bicicleta, que tivo como promotor a AVV As Besadas, e contou coa colaboración da Concellería de Deportes e da Asociación do Deporte Meco. Ademais este ano contou coa axuda da Deputación Provincial.

O evento volveu a resultar un éxito e contou cunha importante participación, tanto de nenos, como de maiores.

Entre os asistentes repartíronse camisetas e, ao final sorteáronse numerosos regalos, entre os que se atopaban: unha bicicleta, cascos de protección, mexillóns, equipacións deportivas dos clubs participantes, etc.

Ademais entregáronse varios premios nos que foron galardoados a bicicleta máis orixinal, o grupo familiar con maior número de participantes, e os participantes



de maior e menor idade que participaron e fixeron o percorrido. O traxecto, cunha lonxitude duns dez quilómetros, partiu do parque das Besadas (A Graña), dirixíndo-

se pola Illa da Toxa e recorrendo as principais rúas do casco urbano ata o regreso ao punto de partida onde se celebrou o sorteo de agasallos e se entregaron os premios.




Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión


O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Breogán participa no mercado tradicional de Enxebre

A Asociación de Teatro Enxebre organizou o seu VIII Mercado Tradicional na Praza de Arriba, que nesta ocasión se celebrou o día 6 de decembro. Nesta edición, Enxebre invitou ás demais entidades culturais do noso municipio a participar no evento, e Breogán aceptou de bo grado a invitación. Nesta actividade na que se presenta un Mercado de antaño, móntanse unha serie de postos para a venda de produtos tradicionais e dende Breogán decidimos montar unha Taberna, na cal o principal produto foi o viño tinto.

Os membros do Breogán que participamos nesta actividade acabamos moi satisfeitos e con gañas de repetir a nosa presenza neste Mercadillo, sumando unha actividade máis no eido cultural, que a nosa entidade foi perdendo ao longo do tempo. Agradecemos a Enxebre a oportunidade que nos brindou para poder participar no seu Mercadillo Tradicional e, agardamos ser invitados en vindeiras edicións e que a participación cidadá vaia a máis ano a ano



OBRAS Y CONTRATAS
RIAS BAIXAS

www.riasbaixasnet.com

R/ País Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027- mail: construcciones@riasbaixasnet.com